



66a

Un día que pola tarde  
María da Canceliña  
estaba seghando na herba  
no herbal de Fonteliña,

Cadrou que na mesma hora  
Andrés da Recouta viña  
de botarlle a i-augha a i-outro herbeiro  
que arrimado ó dela tiña.

E desde ensima do prado  
díxolle con cobardía:  
“Queres que vaia axudarche  
a érguela herba, María.”

“Por agora douch’ as ghrasias  
que inda teño por seghar,  
ti has d’estare apurado  
e non queres esperar-e”

“Eu estando á túa volta  
nunca ch’estou apurado  
que ti e-la que me tés  
o meu corasón roubado.”

“O teu corasón, Andrés,  
télo no peito encerrado  
pra llo dar a quen ti queiras  
que pra min tés ghardado.”

“Non quixeras ti ser dona  
quizáis do meu curasón,  
pero heite de querer  
que ti me queiras que non.”

“Andrés, non seah bribón,  
non veñas con trapalladas,  
que, sen duda, ti tés outras  
rapasas mais estimadas.”



“Mais estimadah pra min-he  
non a hai no mundo enteiro,  
se non me caso contigo  
conta que quedo solteiro.”

“¿Cómo eu hei de creer-e  
que me téis tanto cariño,  
se prá casa de meus pais  
nunca atinaches camiño.”

“Antes d’ir dond’a teus pais-e  
teño de falar contigho,  
por saber se ti querías  
tomar amores conmigho.”

“Delle ter cariño a-i-outra  
nunca formei ilusión,  
a tí quisiera traerche,  
a par do meu corasón.”

“Pois si’a min sola me queres  
palabras che dei de dar  
qu’antes d’eu faltarche a tí  
faltará a augha do mar-e.”

“Eu tamén cho aseghuro,  
miña prenda reghalada  
qu’en canto eu viva no mundo  
non quero outra nemorada.”

“Pois si’a min sola me queres  
palabras che dei de dar  
qu’antes d’eu faltarche a tí  
faltará a augha do mar-e.”

“Rapasa se cho parece,  
será ben que nos casemos  
e mañán á mesma hora  
xuntarnos aquí podemos.”

Ó outro día María  
cand’a mandaron prá herba  
non se lle vían pousar  
os pés na terra siquera.



Seu afán solo era  
cheghar nun instante ó prado  
e contarll'ó que sufrira  
de noite ó seu namorado.

Ao saltar o porteliño  
xa veu a Andrés decontado  
regañando as moas rindo  
xuntaron salgheiro deitado.

Tirou María fousiño  
a maila çesta pró lado  
eu díxolle “!ah perillán!  
ti estás ben descansado.”

“Nin por eso, Mariquiña,  
a pesar de estar deitado  
non penses qu' estou tranquilo  
sen terch' a ti ó meu lado.”

“Andrés, cárame por Dios,  
qu' eu non sei qu' haser de min,  
que toda a noite pasada  
siquera cousa dormín.”

“¿Logho douch' algunha volta  
ou reghañaron contigho  
ou dixéronlle a teus pais  
que t' enredaches conmigho?”

Séntat' aquí Mariquiña,  
non teñas tanta aprisión  
qu' o pau qu' ha de ser queimado  
xa naceu pra ser carbón.

“Tamén eu nacín pra tí,  
seghún o teño pensado,  
pero non pra vir solteira  
armarlle ó melro no prado.”

“Logo, pra qué me dixeches,  
María do corazón,  
que desde onte á tarde  
estás a mi desposición.”



“Pero pra esas cousas non  
en canto non nos casemos,  
se mo saben meus pais  
danm´unha tunda dos demos.”